En Galicia son a data de hoxe ao redor de 2.700 os arquitectos/as que traballan na comunidade de forma colexiada. No 2007 eran preto de 3.200 os/as colexiados/as. Perdeuse polo tanto un capital de profesionais, de en torno a uns cincocentos, e o que é peor, moitos dos novos marcharon de Galicia, como moitos outros galegos e galegas.

Son moitas as dificultades coas que se atopa este colectivo e o resto de axentes implicados na construción, arquitectos técnicos, técnicos topógrafos, delineantes, oficiais de obra, xefes de obra, enxeñeiros, etc..

A perda de carga de traballo, a día de hoxe en torno a un 3,43 % da existente no ano 2007, foi a principal causante da baixa colexial, imprescindible para exercer a actividade por conta propia, e a que levou a moitos e moitas á busca de oportunidades no exterior, ou ben a dedicarse a actividades de carácter transversal e alleas á súa formación.

De feito a baixa de matrícula nas carreiras técnicas da comunidade galega durante estes últimos anos ten sido continua e alarmante, poñendo incluso en perigo a pervivencia dalgunha titulación. A falla de oportunidades provoca que poucos e poucas sexan as que se formulen optar por estes estudos formativos, por outro lado, aqueles que durante anos estaban entre as formacións máis admiradas e valoradas no exterior do sistema universitario español.

O Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España vén de facer unha serie de alegacións ao proxecto de lei do Goberno central para

Grupo Parlamentario

transpoñer directivas comunitarias pendentes en materia de contratos do sector público. As 13 emendas presentadas foron apoiadas por unhas 60.000 persoas, pertencentes a varios colectivos profesionais, estudantes e cidadáns/cidadás.

Ligada ás mesmas e ao marxe da aprobación e consideración das mesmas, existe unha demanda constante deste colectivo que pasa pola petición do aumento de concursos de proxectos por parte de todas as administracións. Mediante esta fórmula de concurso público foi cómo xurdiron moitos dos máis senlleiros edificios e actuacións urbanísticas de Galicia. Son procedementos que supoñen a apertura a talentos descoñecidos, a unha aposta por unha arquitectura e/ou urbanismo de calidade e culturalmente comprometidos. Procesos de concursos nos que se consegue implicar a toda a sociedade mediante os medios de comunicación , abrindo debates necesarios e participativos que favorecen a transparencia nas decisións destes procesos de contratación.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o decaemento no uso desta fórmula de contratación, relegada a casos case anecdóticos por parte da Xunta de Galicia, non contribúe en absoluto á promoción deses novos talentos, moitas veces excluídos dos poucos concursos propostos pola carencia de experiencia, e por suposto en nada ao apoio da arquitectura e urbanismo de calidade.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se:

- Comprometa a que durante este ano 2017 polo menos o 10 % dos procesos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo sexan mediante a fórmula de concursos de proxectos, incrementando outro 10 % cada ano ata o ano 2020.
- Revise os criterios de procedemento de adxudicación para propiciar fórmulas de participación de profesionais novos e novas e dos pequenos estudos.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/06/2017 09:14:18

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 09:14:24

Raúl Fernández Fernández na data 30/06/2017 09:14:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 09:14:36



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/06/2017 09:14:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No contexto da Unión Europea, un dos principais obxectivos establecidos no Marco Renovado para a Cooperación Europea no ámbito da xuventude 2010-2018 refírese á participación das persoas mozas na democracia representativa e na sociedade civil a todos os niveis. Para facelo efectivo, recoméndase aos Estados membros que presten apoio político e financeiro ás organizacións xuvenís, así como aos Consello da Xuventude, locais, autonómicos e nacionais, que promovan o recoñecemento do seu importante papel na democracia. Isto permitiu que nos países da Unión Europea este modelo de participación exista igualmente.

O Goberno da Xunta de Galicia no ano 2011 suprimiu o Consello da Xuventude de Galicia (Conxuga), un dos entes autónomos máis antigos que existía no organigrama da Xunta de Galicia. O Conxuga era un organismo autónomo do Executivo formada por organizacións xuvenís, cuxa Presidencia e Comisión Permanente son elixidas polas súas entidades membro, de maneira democrática en reunión de Asemblea. O Consello da Xuventude de Galicia veu representando á mocidade, defendendo a mellora das súas condicións de vida, apostando polas campañas de prevención e sensibilización entre a mocidade, apoiando e fortalecendo ao movemento asociativo xuvenil no territorio galego, favorecendo o intercambio entre ditas entidades e trasladando a voz dos mozos/as galegos en diversos espazos de participación no ámbito nacional e internacional.

Con esta supresión, o Goberno galego materializou o que se está a tentar a levar a cabo en España, convertendo o anterior Conxuga nun instrumento máis do organigrama da Xunta de Galicia e que depende directamente desta. A vixente Lei galega 6/2012, rexeitada no seu momento por toda a oposición parlamentaria, crea o Consello Asesor e Consultivo de

Grupo Parlamentario

Xuventude de Galicia que está integrado na consellería competente en materia de xuventude, tal e como estipula o artigo 51.2 da citada lei.

Nun contexto como o actual e no que o Goberno debe priorizar na súa axenda a loita contra o desemprego xuvenil e o futuro de toda unha xeración, faise máis precisa que nunca a existencia dunha plataforma independente que dea voz aos e ás mozas para defender os seus intereses e que á súa vez sexan representados noutras plataformas xuvenís de ámbito internacional tan importantes como o Foro Europeo da Mocidade. Unha plataforma que fomente o asociacionismo xuvenil e voluntario, e que xere propostas para a mellora das políticas da xuventude, como se realizou recentemente coa proposta de “Garantía Xuvenil” que realizou no 2010 e que foi respaldada por institucións como a Comisión Europea ou a Organización Internacional do Traballo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar a *Lei 6/2012, do 12 de xuño, de xuventude de Galicia* para garantir un Consello da Xuventude de Galicia puramente autónomo e independente da estrutura da Xunta de Galicia que sexa administrado, dirixido e xestionado directamente polas organizacións xuvenís.
2. Iniciar un proceso de diálogo con todas as organizacións xuvenís inscritas no Rexistro da Xunta de Galicia para adaptar a *Lei 6/2012, do 12 de xuño, de xuventude de Galicia* aos intereses reais da mocidade

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 09:36:49

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2017 09:36:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/06/2017 09:37:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**.

Exposición de motivos

Os fondos EDUSI traen 35 millóns de euros en axudas para o desenvolvemento de proxectos de urbanismo sostible. Nas dúas convocatorias, que levamos até o de agora destas axudas, conseguíronas os concellos de A Coruña, Ferrol, Ames e Arteixo, presentando proxectos que van dende ofrecer ferramentas TIC para informar á cidadanía sobre cuestións relacionadas coa mobilidade até a construción de carrís bici e percorridos peonís. Tamén se conseguen axudas para a conexión interparroquial, como é o caso de Arteixo ou a implementación de micro-buses eléctricos. Estes fondos deixan en Galicia, sumando as dúas convocatorias, 120 millóns de euros para moitas vilas e todas as cidades agás Ourense. Así, na primeira convocatoria os concellos de Vigo, Pontevedra, Lugo, Santiago, Pontearreas, Redondela, A Estrada, Lalín, Ribeira, Vilagarcía, Marín, e Culleredo recibiron 83 millóns de euros para diferentes proxectos. Na segunda convocatoria facíano Ferrol, Arteixo e A Coruña.

Os fondos EDUSI son unha peza importante para camiñar cara un modelo de urbanismo sostible, centrado nas persoas e que implemente as novas tecnoloxías e as enerxías renovables nos ámbitos de máis proximidade da cidadanía e onde máis visibles son os seus efectos. Ademais, tamén serven para conectar as



ciudades coas súas proximidades, ofrecer ferramentas para un turismo sostible ou aumentar a información da que dispón a cidadanía en temas como mobilidade.

Porén, foron moitos os proxectos que non foron aceptados nas pasadas convocatorias, como é o caso da Estratexia Conecta Ourense, coa que a Deputación solicitaba 15 millóns de euros para a conexión da área metropolitana da cidade de Ourense, ou proxectos en Cambre, Cangas e Carballo que tamén foron denegados. Cando se produciu esta segunda convocatoria o goberno non descartaba que houbera unha terceira. Ademais dos proxectos que foron denegados nas dúas primeiras convocatorias, de haber unha terceira cabería a posibilidade de que máis vilas optaran a desenvolver proxectos deste tipo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento Galego Insta á Xunta de Galicia a achegar fondos na terceira convocatoria de axudas para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI), de maneira que as cidades, vilas e agrupacións de localidades galegas que non optaron a eses fondos ate agora, ou quedaron fóra nas dúas primeiras ocasións, teñan outra oportunidade.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 30/06/2017 11:06:38

Carmen Santos Queiruga na data 30/06/2017 11:06:46

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

As parellas españolas poden casarse nos consulados españois, sen embargo existen limitacións derivadas do noso ordenamento xurídico, da sistemática rexistral, e das normas relativas ao exercicio da función consular.

Entre os requisitos que se establecen con carácter xeral para a celeración de matrimonios consulares, atópanse os seguintes:

1. Que a lo menos un dos contraentes teña nacionalidade española.
2. Que ningún dos contraentes teña nacionalidade do Estado receptor.
3. Que a lo menos un dos contraentes estea domiciliado na demarcación ante a que se vai a celebrar o matrimonio.
4. Que o estado receptor non prohiba o matrimonio consular (hai certo número de países que manteñen esta prohibición: Gran Bretaña, Austria, Suíza, Uruguai, Guatemala e Venezuela).

Estes requisitos derívanse da regulación establecida no noso Código Civil (Título IV do libro I) e da normativa internacional subscrita por España, fundamentalmente a Convención de Viena de 1963 sobre Relacións Consulares.

En definitiva, esta normativa está a mermar os dereitos dos españois e españolas, e de xeito particular dos galegos e galegas residentes no exterior, recoñecidos a partires do 30 de xuño de 2005 coa aprobación por parte do goberno socialista de Zapatero da lei que modificaba o Código Civil e permitía o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Unha normativa que se publicou o 2 de xullo de 2005, e que permitiu que o matrimonio entre persoas do mesmo sexo fora oficialmente legal en España o 3 de xullo de 2005, sendo o terceiro país de Europa e o cuarto do mundo (Canadá aprobou unha reforma similar horas antes que o Congreso español) en establecer esta equiparación das unións entre persoas do mesmo sexo, abríndolles ademais a posibilidade de adoptar, algo non contemplado ata

Grupo Parlamentario

entón en ningunha outra lexislación, e contemplando dereitos como o dereito a percibir a herdanza e a pensión.

A pesares deste impedimento, sempre quedaría a posibilidade da “delegación en funcións” do artigo 57 do Código Civil, é dicir, que o cónsul español instrúa totalmente o expediente matrimonial e delegue a prestación do consentimento para o matrimonio, de oficio ou a instancia dos futuros contraíntes, en favor doutras persoas encargadas do Rexistro Civil en España. Entón si se podería cumprir a lei de 2005.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Establecer os acordos diplomáticos necesarios con Estados estranxeiros para que se autoricen todos os matrimonios consulares de persoas do mesmo sexo.
2. Promover aos consulados españois que instrúan totalmente os expedientes matrimoniais e deleguen a prestación do consentimento para o matrimonio, de oficio ou a instancia dos futuros contraíntes, en favor doutra das persoas encargadas do Rexistro Civil en España, conforme ao que dispón o Código Civil.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 12:01:12

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2017 12:01:18

 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 12:01:22

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/06/2017 12:01:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/06/2017 12:01:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As parellas españolas poden casarse nos consulados españois, sen embargo existen limitacións derivadas do noso ordenamento xurídico, da sistemática rexistral, e das normas relativas ao exercicio da función consular.

Entre os requisitos que se establecen con carácter xeral para a celeración de matrimonios consulares, atópanse os seguintes:

1. Que a lo menos un dos contraentes teña nacionalidade española.
2. Que ningún dos contraentes teña nacionalidade do Estado receptor.
3. Que a lo menos un dos contraentes estea domiciliado na demarcación ante a que se vai a celebrar o matrimonio.
4. Que o estado receptor non prohiba o matrimonio consular (hai certo número de países que manteñen esta prohibición: Gran Bretaña, Austria, Suíza, Uruguai, Guatemala e Venezuela).

Estes requisitos derívanse da regulación establecida no noso Código Civil (Título IV do libro I) e da normativa internacional subscrita por España, fundamentalmente a Convención de Viena de 1963 sobre Relacións Consulares.

En definitiva, esta normativa está a mermar os dereitos dos españois e españolas, e de xeito particular dos galegos e galegas residentes no exterior, recoñecidos a partires do 30 de xuño de 2005 coa aprobación por parte do goberno socialista de Zapatero da lei que modificaba o Código Civil e permitía o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Unha normativa que se publicou o 2 de xullo de 2005, e que permitiu que o matrimonio entre persoas do mesmo sexo fora oficialmente legal en España o 3 de xullo de 2005, sendo o terceiro país de Europa e o cuarto do mundo (Canadá aprobou unha reforma similar horas antes que o Congreso español) en establecer esta equiparación das unións entre persoas do mesmo sexo, abríndolles ademais a posibilidade de adoptar, algo non contemplado ata

Grupo Parlamentario

entón en ningunha outra lexislación, e contemplando dereitos como o dereito a percibir a herdanza e a pensión.

A pesares deste impedimento, sempre quedaría a posibilidade da “delegación en funcións” do artigo 57 do Código Civil, é dicir, que o cónsul español instrúa totalmente o expediente matrimonial e delegue a prestación do consentimento para o matrimonio, de oficio ou a instancia dos futuros contraíntes, en favor doutras persoas encargadas do Rexistro Civil en España. Entón si se podería cumprir a lei de 2005.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Establecer os acordos diplomáticos necesarios con Estados estranxeiros para que se autoricen todos os matrimonios consulares de persoas do mesmo sexo.
2. Promover aos consulados españois que instrúan totalmente os expedientes matrimoniais e deleguen a prestación do consentimento para o matrimonio, de oficio ou a instancia dos futuros contraíntes, en favor doutra das persoas encargadas do Rexistro Civil en España, conforme ao que dispón o Código Civil.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 12:01:50

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2017 12:01:57

 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 12:02:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/06/2017 12:02:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/06/2017 12:02:11

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 12:39
Nº Rexistro: 11279
Data envío: 30/06/2017 12:39:03.173

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Desde o mes de xullo de 2010 o Servizo de Urxencias do Centro de saúde do Porriño asumiu, por decisión do Sergas, a atención dos veciños e veciñas dos concellos de Mos e Salceda que necesiten ir a urxencias. O Servizo Galego de Saúde amparou a súa decisión en que o centro de saúde do Porriño estaba mellor equipado que os puntos de atención continuada de Mos e Salceda de Caselas, e que en todo momento habería un médico/a e enfermeiro/a, como mínimo no Centro de Saúde do Porriño en Urxencias así como unha/un pediatra.

No mes de abril do ano 2010 o alcalde do Porriño formalizou a cesión dunha parcela municipal para a ampliación do Centro de Saúde do Porriño anunciando que en dous ou tres meses comezaría a execución do proxecto de ampliación, cualificando a obra como estratéxica e importante para o Concello, ademais de ser unha obra moi demandada polos veciños e veciñas.

Coa ampliación prevista dotaríase o centro de saúde do Porriño de consultas destinadas ao servizo de Psiquiatría, Pediatría, Fisioterapia e Rehabilitación, Radioloxía e unha nova redistribución do departamento de urxencias con maior dotación de espazo e persoal.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 12:39
Nº Rexistro: 11279
Data envío: 30/06/2017 12:39:03.173

Na actualidade, sete anos despois de asumir o Centro de Saúde do Porriño as urxencias de Mos e Salceda de Caselas e da formalización da cesión dos terreos para a ampliación do Centro de Saúde, a primeira realidade que se pode constatar é que o Servizo de urxencias do Centro de saúde do Porriño está colapsado a maioría dos días e non ten persoal sanitario suficiente, só ten un médico/a/ enfermeiro/a por quenda, para atender a demanda de asistencia no servizo. E por outra parte o Porriño segue esperando a execución da ampliación do centro de saúde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Incrementar a dotación de persoal do Centro de Saúde do Porriño (Pediatría, Fisioterapia e rehabilitación, radioloxía) e unha nova redistribución do departamento de urxencias con maior dotación de persoal e espazos.
2. Aprobar no ano 2017 o proxecto de ampliación do Centro de Saúde do Porriño, co obxecto de iniciar as obras no ano 2018.”

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 12:39
Nº Rexistro: 11279
Data envío: 30/06/2017 12:39:03.173

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/06/2017 12:37:15

Noa Presas Bergantiños na data 30/06/2017 12:37:20

Olalla Rodil Fernández na data 30/06/2017 12:37:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/06/2017 12:37:27

María Montserrat Prado Cores na data 30/06/2017 12:37:30

Ana Pontón Mondelo na data 30/06/2017 12:37:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315
Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de ampliar o cadro de celadores/as do Hospital do Salnés.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado @s profesionais do Sergas son d@s principais damnificad@s por unha política de persoal que o maltrata sistematicamente.

Un exemplo desa política de persoal é o Hospital do Salnés. Desde a súa inauguración, en xaneiro de 2001, sempre contou con servizos e recursos por debaixo das necesidades da poboación á que tiña que prestar asistencia sanitaria, e en concreto a súa a ratio de persoal sempre foi das máis baixa dos centros sanitarios dependentes do Sergas.

Neste contexto @s celadores/as deste hospital están demandando equipararse co resto de hospitais do Sergas. En primeiro lugar nas ratios, e polo tanto que se aumente o número d@s mesm@s, xa que @s que hai na actualidade son totalmente insuficientes para realizar o elevado volume de traballo da súa competencia. En segundo lugar unha estrutura organizativa que permita a súa dependencia das persoas responsábeis de persoal subalterno.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315
Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

Cando no ano 2008 a xestión do hospital pasou a mans do Sergas, o cálculo que se realizou foi que o cadro de celadores/as preciso para atender as necesidades do hospital era de 30. A día de hoxe, 9 anos despois, a pesares de terse realizado diversas ampliacións no centro, ese cadro só está conformado por 25 persoas, das cales só 6 son fixas. Consideran que este número é totalmente insuficiente, e un agravio comparativo co resto de hospitais, a empezar pola propia EOXI Pontevedra-Salnés. A modo de exemplo, os tres andares de hospitalización, quirófanos, radioloxía e urxencias son atendidos por cinco persoas en quenda de tarde e tres de noite.

Esta situación ten como consecuencia uns ritmos de traballo infames, teñen calculado que as distancias que percorren ao longo dunha xornada laboral é de 10 a 12 oscilómetros, localización permanente a través de móbil desde o que reciben ordes continuamente de labores a realizar, en moitos casos simultáneas, desatender uns servizos para ter que atender outros.

Outra das demandas que realizan é que teñan dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no Hospital do Salnés. Son o único hospital onde dependen de persoal sanitario. Esa dependencia faise precisa para establecer os criterios e prioridades do traballo, ao igual que a elaboración de protocolos de traballo onde: se lles teña en conta, permitan a racionalización do traballo, delimitación de funcións...

O Bloque Nacionalista Galego faise eco das demandas do colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés e por esa razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315
Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a atender as demandas co colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés de:

Equiparar a ratio de celadores/as a do resto de hospitais do Sergas, e polo tanto aumentar o cadro de persoal en polo menos 9 efectivos.

Establecer a súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subasterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no propio Hospital do Salnés.”

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/07/2017 12:43:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:00
Nº Rexistro: 11315
Data envío: 03/07/2017 13:00:44.505

Noa Presas Bergantiños na data 03/07/2017 12:43:13

Olalla Rodil Fernández na data 03/07/2017 12:43:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/07/2017 12:43:21

Xosé Luis Bará Torres na data 03/07/2017 12:43:25

Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2017 12:43:28

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Parlamentario Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos. Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

O Concello de Allariz ten unha das porcentaxes máis altas da provincia de Ourense de poboación menor de vinte anos, así como un alto número de nacementos, 38 no ano 2015, de maneira contraria á tendencia da maioría dos concellos de menos de 10000 habitantes da provincia que sofren un grave problema demográfico.

Grupo Parlamentario

Na derradeira adxudicación de prazas en escolas públicas infantís para o vindeiro curso 2017-2018, feita a través de Resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicada na páxina web da Consellería de Política Social, hai nove familias en lista de agarda na escola infantil de Allariz, aos que hai que engadir aos nenos e nenas deste concello que acoden na actualidade a centros situados noutros municipios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar para o vindeiro curso o número de prazas públicas na escola infantil de Allariz, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata niveis en que se elimine a lista de agarda e non sexa preciso que os nenos e nenas nados neste concello teñan que desprazarse a outros centros de municipios próximos, nin incrementar os concertos con entidades privadas.

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/07/2017 10:05:26

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2017 10:05:33

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2017 10:05:38



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2017 10:05:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Parlamentario Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos. Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

No Concello de Viana do Bolo incrementáronse nos derradeiros anos o número de nacementos, de tal maneira que no ano 2015 producíronse 10 veces máis que no 2010. Na derradeira adxudicación de prazas en escolas públicas infantís para o vindeiro curso 2017-2018, feita a través de Resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicada na páxina web da Consellería de Política Social, hai

Grupo Parlamentario

sete familias en lista de agarda aos que hai que engadir aos nenos e nenas deste concello que acoden na actualidade a escolas infantís situada noutros municipios da comarca.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar para o vindeiro curso o número de prazas públicas na escola infantil de Viana do Bolo, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata niveis en que se elimine a lista de agarda e non sexa preciso que os nenos e nenas nados neste concello teñan que desprazarse a outros centros de municipios próximos, nin incrementar os concertos con entidades privadas.

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/07/2017 10:05:59

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2017 10:06:05

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2017 10:06:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2017 10:06:14

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez , Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Fai máis de sete anos, o día 21 de abril de 2010 no xornal *Faro de Vigo* publicouse unha noticia na que se destacaba que o entón alcalde do PP, xunto coa concelleira de Sanidade en aquela data, reuníronse en Santiago de Compostela co director de Recursos Económicos do Sergas para poñer a disposición da Xunta de Galicia unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados e poder iniciar así as obras de ampliación do Centro de Saúde do Porriño canto antes.

Segundo reza a noticia, esta ampliación fora anunciada en varias ocasións xa en anos anteriores subliñando que a firma do acordo entre o Concello e a Xunta de Galicia permitiría priorizar estas instalacións de Atención Primaria nos orzamentos da Comunidade Autónoma, ao igual que outros concellos de Galicia teñen vivido.

Tamén de igual maneira que noutros concellos, estas promesas quedaron en nada sete anos despois, e as persoas usuarias do Centro de Saúde de Porriño seguen sufrindo as graves deficiencias do mesmo, tanto das súas instalacións, como da falta de especialistas; así como un servizo de urxencias colapsado, que atende ademais aos veciños e veciñas dos concellos de Mos e de Salceda de Caselas, no que en moitos momentos hai que esperar horas para ser atendidos.

A diario, os traballadores e traballadoras e os usuarios e as usuarias están a soportar a saturación do centro e unhas precarias condicións de traballo, por falta de medios técnicos e humanos, agravadas nos meses de verán polas altas temperaturas que se rexistran nas súas instalacións, que durante os meses de verán superan os 30º.

Grupo Parlamentario

Ano tras ano, vemos como os orzamentos da Xunta de Galicia non recolle ningunha consignación para á prometida ampliación do centro de saúde, e mesmo o Partido Popular no Parlamento de Galicia vota en contra das reiteradas propostas e emendas presentadas polo PSdeG.

Resulta polo tanto imprescindible que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias, e que de forma inmediata dea resposta á necesaria ampliación do centro de saúde, que dote de medios humanos e materiais o centro de saúde, e que se implique dunha vez por todas na mellora da sanidade pública, a partir da prestación dos servizos en condicións que garantan a dignidade das persoas usuarias.

Situación problemática que se reproduce tamén na UAD (Unidade Asistencial de Drogodependencias) do concello do Porriño. É imprescindible que se poda levar a cabo un labor integral no tratamento das drogodependencias, e que esta se faga ademais nas mellores condicións, de servizos e de dignidade, para os e as usuarias e as súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no prazo de tres meses un plan específico para acadar unha solución aos problemas que presentan o Centro de Saúde e a UAD (Unidade Asistencial de Drogodependencias) do concello do Porriño.
2. Reinicie neste mesmo ano o proxecto de ampliación do centro de saúde, e a debida dotación dos medios técnicos e humanos, acorde coas necesidades existentes, consignando as partidas orzamentarias correspondentes nos orzamentos de 2018.

Grupo Parlamentario

3. Garanta o reforzo da UAD, para que poda levar a cabo unha labor integral no tratamento das drogodependencias, e que esta se faga nas mellores condicións para os e as usuarias e as súas familias.

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/07/2017 10:10:54

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2017 10:11:00

Noela Blanco Rodríguez na data 04/07/2017 10:11:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2017 10:11:10

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas que desenvolveron cursos dentro do Plan de formación continuada do agro galego no 2016, seguen sen cobrar polo traballo feito.

Este Plan de formación é unha actividade dirixida a mellorar a formación técnica das persoas que se dedican á agricultura no noso país e levouse a cabo a través de diferentes unidades administrativas da Consellería de Medio Rural.

A circular que regula este Programa ten data de 19 de xaneiro de 2016, a data límite de presentación de propostas para o 1º semestre do 2016 remataba o 31 de xaneiro, ampliándose posteriormente o prazo ata o 29 de febreiro e comezando a realización dos cursos no mes seguinte. Polo tanto, hai persoal docente que leva aproximadamente 16 meses sen cobrar.

O 2 de marzo preguntábamnos na Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, do Parlamento galego, esta cuestión e o Director Xeral de Ordenación Forestal, respostaba que a situación se resolvería con brevidade.

O 24 de maio a situación non mudara e, ante unha pregunta presentada por En Marea en Pleno, sobre este tema, a Conselleira de Medio Rural respondíanos que



se abonarían os pagos pendentes antes de 15 días. A día 4 de xullo as persoas seguen sen cobrar, situación que é totalmente inaceptable.

Temos que salientar que esta problemática nos pagos non é algo novo, véñse repetindo ano tras ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que abone de inmediato os pagos atrasados.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/07/2017 12:51:01

David Rodríguez Estévez na data 05/07/2017 12:51:27

Antón Sánchez García na data 05/07/2017 12:51:35

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, José Antonio Quiroga Díaz e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Chantada da atención á poboación infantil de Chantada (796 menores de 14 anos, segundo o padrón de habitantes do INE en 2016) e do municipio limítrofe de Carballedo (106 menores de 14 anos). En total suman un número de 902 menores de 14 anos segundo o padrón de 2016, o que supón un cupo suficiente para a existencia dun pediatra segundo as ratios utilizadas de forma habitual polos dirixentes do Sergas e apoiados polos representantes do Partido Popular no Parlamento de Galicia.

Este servizo xa pasou por problemas no pasado decembro, pois as vacacións da facultativa que ten a praza non foron substituídas provocando o peche do servizo. No momento actual, a persoa á fronte do servizo está de baixa e a persoa encargada da súa substitución foi destinada a outro lugar.

Este déficit, que se prolonga no tempo e que xa amosou pouca intención de ser resolto por parte da consellería, como se citou no caso ocorrido en decembro, deixa sen servizo a unha poboación ampla que necesita de servizos que axuden a fixar poboación no rural galego. A atención ás comarcas rurais pasa, en gran medida, por manter e consolidar servizos básicos. Especialmente na situación actual en que existe un problema demográfico, con baixa natalidade e avellentamento, que a zona afectada de Chantada representa con claridade, resulta de maior relevancia amosar vontade política de resolver problemas como este.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o servizo de pediatría en Chantada con un especialista que atenda ao servizo ao mesmo nivel que a persoa titular á maior brevidade, ata que esta última retorne ao seu posto de traballo.
2. Desenvolver un plan de reforzo da pediatría en atención primaria, que permita traballar a medio e longo prazo para resolver a problemática existente coa dificultade de substitución e implantación de pediatras.

Pazo do Parlamento, 5 de xullo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
José Antonio Quiroga Díaz
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/07/2017 13:26:37

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/07/2017 13:26:43

Noela Blanco Rodríguez na data 05/07/2017 13:26:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/07/2017 13:26:54

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, José Antonio Quiroga Díaz e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integral (EOXI) no ano 2011 supuxo unha aposta da Consellería de Sanidade por retirar competencias, persoal e capacidade de decisión aos hospitais comarcais en favor dos grandes hospitais das cidades. Tanto a dotación de recursos, materiais e humanos, como as decisións sobre estrutura, funcionamento e organización asistencial se foron progresivamente perdendo nos hospitais comarcais.

O Hospital de Monforte non é alleo a esta problemática, vendo no seu momento limitada a súa capacidade de auto-organización, decisión sobre orzamentos, distribución de persoal, recursos e farmacia.

Estas dificultades de xestión, sumada á incapacidade de decidir sobre os procesos e estratexias asistenciais a desenvolver, xera algunhas demandas xustificadas que os colectivos de profesionais e usuarios reivindicán de maneira habitual.

A situación do persoal sanitario en Galicia é difícil e inestable, como se vén sinalando por parte de sindicatos, grupos políticos e colectivos profesionais que sinalan a perda.

O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático desta situación. A implantación das EOXI recibiu contestación e desconformidade por parte de alcaldes de toda a zona de influencia do hospital, quen manifestaron o seu rexeitamento á perda de condición de área sanitaria e alertaron da consecuente perda de servizos que traería. A localización xeográfica do

Grupo Parlamentario

hospital é igualmente relevante para facer a análise real, pois as dificultades nas comunicacións con outras áreas sanitarias é un problema engadido que fai do Hospital de Monforte un eixo aínda máis importante. A especial demografía da zona, cunha poboación especialmente avellentada e dispersa, aumenta a necesidade de apostar por un servizo sanitario forte e ben asentado no territorio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan de consolidación e implementación de novos servizos no Hospital de Monforte a desenvolver nos seguintes pasos:

a) Elaborar un informe de necesidades sanitarias da zona tendo en conta a poboación afectada e o nivel de servizos actuais, contando cos representantes do persoal de atención especializada e atención primaria para elo.

b) Establecer un calendario de actuacións para o período 2017-2020 que culmine nunha recuperación e fortalecemento dos servizos indicados no informe referido no punto anterior

2. Aumentar o persoal do hospital de maneira inmediata, ata alcanzar ao final do 2018 os niveis do ano 2009.

Pazo do Parlamento, 5 de xullo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

José Antonio Quiroga Díaz

Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/07/2017 13:35:19

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/07/2017 13:35:25

Noela Blanco Rodríguez na data 05/07/2017 13:35:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/07/2017 13:35:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 11:35
Nº Rexistro: 11739
Data envío: 06/07/2017 11:35:07.971

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Do centro de saúde de Betanzos dependen, para determinados servizos, a veciñanza da propia localidade e mais a dos concellos de Aranga, Coirós, Irixoa e Paderne. Malia isto, a xerencia de xestión integrada da Coruña ten a intención, polos correos que xa enviou indicando as instrucións de cara ao verán, de non substituír a ningún médico de familia, nin a ningún pediatra durante as súas vacacións.

Esta negativa a cubrir vacacións implicará que os pacientes dos sanitarios que estean de libranza sexan derivados aos demais facultativos. Obviamente, isto incide directamente na calidade asistencial do servizo que van recibir os pacientes pola sobrecarga de traballo que van ter os médicos que quedan.

Estas directrices do SERGAS volven afectar máis directamente ao servizo de pediatría. No centro de saúde de Betanzos actualmente hai dous pediatras, se ben unha delas ten redución de xornada, e das que unha facultativa atende todos os días pola mañá e o outro sempre pola mañá agás os martes que atende de 15 a 20, cando ademais é compartido coas pacientes procedentes dos concellos de Coirós, Irixoa e Aranga, que non teñen servizo de pediatría e teñen como centro de referencia Betanzos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 11:35
Nº Rexistro: 11739
Data envío: 06/07/2017 11:35:07.971

A negativa do SERGAS a cubrir a parte da xornada que a facultativa non fai obriga á outra pediatra e aos médicos de familia a asumir a atención dos nenos que quedan sen pediatra. Neste caso concreto, ademais, repercute moi negativamente na calidade e prestación do servizo debido ao retraso que isto provoca nos controis de idade para as crianzas.

Non é unha situación puntual deste servizo, pois xa é a práctica habitual no servizo de matrona, tamén compartido, de maneira que a que hai no centro de saúde de Betanzos é tamén para as pacientes en Aranga, Coirós, Irixoa e Paderne. A dicir de profesionais e usuarias do centro de saúde que nos teñen feito chegar o seu malestar, dáse nas restantes consultas de maneira usual a causa do proceder do SERGAS.

Así, á vista das indicacións do SERGAS, esta situación anómala de falta de persoal pola negativa a cubrir vacacións e permisos será a norma durante o verán, co conseguinte prexuízo para usuarias e cos retardos, derivacións ao CHUAC e consecuente colapso do servizo de urxencias por cuestións que se poderían atender na asistencia primaria de contar co persoal necesario.

Nos últimos anos o BNG vén reiterando esta demanda para dotar do persoal necesario o centro de saúde con independencia de permisos, licenzas e vacacións a fin de non precarizar o servizo público sanitario en Betanzos e os concellos que sanitariamente dependen do centro do Carregal. Mesmo presentamos emendas ás contas da Xunta para garantir un cadro de persoal suficiente para garantir un servizo sanitario público de calidade.

Por todo isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 11:35
Nº Rexistro: 11739
Data envío: 06/07/2017 11:35:07.971

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a cubrir as prazas de persoal de vacacións ou permisos no centro de saúde de Betanzos para garantir un servizo público de calidade.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2017 11:27:00

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2017 11:27:24

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2017 11:27:34

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2017 11:27:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 11:35
Nº Rexistro: 11739
Data envío: 06/07/2017 11:35:07.971

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2017 11:27:41

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2017 11:27:44

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao**, **Carmen Santos Queiruga** e **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dano cerebral en xeral e o ictus, particularmente, é a primeira causa de morte feminina en Galicia e a primeira causa de discapacidade na persoa adulta. O traumatismo craneoencefálico é a primeira causa de invalidez entre mocidade e a segunda de dano cerebral adquirido.

Nestas situacións, é fundamental, para evitar as máximas secuelas posibles, o tratamento no menor tempo posíbel nun centro hospitalario que conte cun equipo especializado en dano cerebral, tanto na etapa de atención aguda como no período establecido de rehabilitación.

En todo o Estado, é notoria a inexistencia de recursos públicos destinados para atender unha rápida, continuada e avaliada rehabilitación neurolóxica. No caso de Galicia, non existen unidades específicas para dano cerebral nos Hospitais nin un centro para a rehabilitación específica de longa estancia. Na actualidade, pacientes que precisan deste tipo de rehabilitación son derivados ao Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral ou a unha clínica de Barcelona e, recentemente, tamén a unha clínica pontevedresa (ampliación co concerto co Hospital Miguel Domínguez, asinado o 11 de abril de 2017, para incluír neurorehabilitación), non existindo en Galicia centro público que cubra esta



necesidade fundamental para que pacientes recuperen mobilidade e vida independente. En ambos centros existe lista de agarda, o que prexudica o resultado óptimo na mellora ou rehabilitación. Ademais, non todas as persoas dispoñen de acompañantes que podan desprazarse para o tratamento e sufragar o tempo de estancia en Madrid ou Barcelona. Por outra parte, no centro estatal só se atenden doentes de 16 a 55 anos con procesos recentes e recuperables e en estado físico de poder viaxar cada 15 días, e no centro de Barcelona, existe lista de agarda. O tratamento na clínica pontevedresa coa que recentemente a Xunta asinou un convenio só se atenden pacientes diagnosticadas de “estado de vixilia sen resposta”, do que cada ano se diagnostican entre 15 e 30 novos casos en Galicia.

O acceso a este servizo especializado na vía privada é inasumible pola maioría de persoas ou familias e a maioría de casos non encaixan nos criterios polos que serían atendidos/as nestes centros.

A Guía Clínica de Neuro-Rehabilitación en Dano Cerebral Adquirido do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad especifica o seguimento en canto a rehabilitación do dano cerebral:

“O tratamento de neuro-rehabilitación dispensado por un equipo interdisciplinar demostrou ser máis eficaz que o non recibir tratamento, ou que recibir tratamentos puntuais non coordinados. Isto é así, mesmo cando a intervención se limita ás fases moi temperás (estando aínda en coma)”.

Máis aínda, existe un gran consenso na literatura revisada ao sinalar que as unidades especializadas de ictus, con equipos multidisciplinares especializados na atención ao ictus son máis efectivas que as unidades xerais dos hospitais, ou que residencias ou outros servizos sanitarios de terceiro nivel. Estes resultados danse de forma independente ao grao de afectación ou prognóstico ao comezo do tratamento.



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Estudar, no presente ano 2017, a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido.
2. Crear camas e/ou unidades de atención específicas de dano cerebral nos hospitais públicos galegos.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Voceiro do G.P. de En Marea

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2017 12:06:42

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 12:06:51

Eva Solla Fernández na data 06/07/2017 12:07:00



Luis Villares Naveira na data 06/07/2017 12:07:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 1.^a**, relativa á independencia do poder xudicial no Estado español.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de outubro do 2016, o Grupo de Estados contra a Corrupción (GRECO), dependente do Consello de Europa, emitía un duro informe no que recoñecía a falta de independencia do poder xudicial en España, resaltando a pouca vontade por parte do Goberno central de modificar o sistema de elección de membros do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Nos últimos meses, unha serie de episodios con cambios de fiscais cando estes estaban investigando supostos casos de corrupción en España, poñen en cuestión, non só a independencia do poder xudicial, senón tamén a igualdade ante a lei, recollido no artigo 14 da Constitución española. Estas accións tiveron unha importante axitación mediática e causaron unha gran preocupación e descontento social, implantándose entre a cidadanía a sensación de impunidade ante casos determinados.

A percepción de que en España existe unha lei para cidadáns de primeira e outra para cidadáns de segunda, reflexa que o noso sistema xudicial necesita dunha reforma urxente que garanta a independencia do mesmo. A separación de poderes, esencia dun Estado democrático, non se ve garantida pola persecución



de aqueles xuíces e fiscais que intentan facer o seu traballo correctamente. A impunidade dos delitos relacionados coa corrupción e a intervención do Ministerio de Xustiza no recorte da acusación particular, unido o acortamento dos prazos de instrución que supón a reforma da Lei 13/2015, de 5 de outubro de modificación da Lei de Enxuiciamento Criminal, dificulta enormemente a investigación dos casos de corrupción.

Por todo isto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno de España para que:

1. Garanta a independencia do poder xudicial, non cambiando fiscais en procesos en curso, especialmente en investigacións de casos de corrupción.
2. Derrogar a Lei 13/2015, de 5 de outubro de modificación de Lei de Enxuiciamento criminal.
3. Modificar o modelo de selección do Consello do Poder Xudicial.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira s. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 12:46:06

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 12:46:11

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a**, relativa á ampliación da lonxa de O Grove.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da pesca e do marisqueo son de vital importancia para unha vila como a de O Grove. Actualmente a Confraría da localidade conta con preto de 550 socios e ten rexistradas máis de 300 embarcacións, das cales practicamente a metade dedícanse á extracción de mexillón. Atopámonos, polo tanto, ante un sector que representa o auténtico motor económico do concello, un sector do que dependen de forma directa e indirecta milleiros de familias.

Desde fai tempo, os membros da Confraría veñen reclamando unha ampliación da lonxa, xa que segundo se recolle a través das súas demandas, a actual infraestrutura quedouse pequena, rexistrándose problemas nas zonas das cámaras e das subhastas. A Lonxa do Grove actualmente ocupa a sexta posición entre as lonxas galegas con máis facturación, xa que no ano 2016 chegou aos 8.878.510€ e unha cantidade de 876.221kg, atopámonos, polo tanto, ante unha infraestrutura que xera un importante volume de negocio, polo que lle corresponde á Xunta de Galicia velar porque esta se atope nas mellores condicións posibles.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para ao seu debate en Comisión:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo todas accións precisas para ampliar a lonxa de O Grove, de forma que se satisfagan as necesidades mostradas pola Confraría.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 16:17:58

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 16:18:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 8.ª**, sobre a redución do IVE dos produtos pesqueiros e marisqueiros do 10% ao 4%.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os produtos do mar son ricos en proteínas, vitaminas, minerais e ácidos graxos e representan unha das bases para garantir unha alimentación saudable. Os expertos da materia indican que o recomendable é comer peixe entre tres e catro veces por semana, sen embargo, máis da metade dos cidadáns recoñecen que non chegan a cubrir estas recomendacións. Existen casos extremos como que o 6% das persoas indican que nunca toman pescado, mentres que aqueles que só o fan unha vez á semana chega ao 30%.

A tendencia nos últimos anos indica que o consumo, tanto de pescado como de marisco, estase reducindo. Segundo datos do Ministerio de Agricultura e Pesca entre os anos 2013 e 2016 a cantidade de produtos pesqueiros consumidos nos fogares baixou un 3,18% en Galicia e un 9,23% no resto do Estado español. Consumir menos peixe e marisco do recomendable é un dos factores que pode conlevar problemas graves para a saúde. Segundo o informe elaborado pola ONG Xustiza Alimentaria Global, cada ano morren en España 90.000 persoas por enfermidades relacionadas con unha alimentación insán.



Un dos problemas principais polo que as persoas reducen o consumo de peixe e marisco é polo seu elevado custo. Existe unha relación directa entre o poder adquisitivo e o consumo de produtos do mar, xa que aqueles fogares que ingresan menor cantidade de cartos tamén consumen menos peixe e marisco.

Desde En Marea consideramos que os produtos do mar representan un dos eixos fundamentais para garantir unha dieta saudable. Que actualmente estes produtos teñan un IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) do 10% é excesivo, xa que se debería pasar ao 4% para equipararse a produtos básicos tales como o leite, pan, froitas ou verduras, entre outros.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta para que inste ao Goberno central a que se reduza o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) para produtos pesqueiros e marisqueiros do 10% ao 4%.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 16:20:19

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 16:20:28

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres Lopez, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia son a data de hoxe ao redor de 2.700 os arquitectos/as que traballan na comunidade de forma colexiada. No 2007 eran preto de 3.200 os/as colexiados/as. Perdeuse polo tanto un capital de profesionais, de en torno a uns cincocentos, e o que é peor, moitos dos novos marcharon de Galicia, como moitos outros galegos e galegas.

Son moitas as dificultades coas que se atopa este colectivo e o resto de axentes implicados na construción, arquitectos técnicos, técnicos topógrafos, delineantes, oficiais de obra, xefes de obra, enxeñeiros, etc..

A perda de carga de traballo, a día de hoxe en torno a un 3,43 % da existente no ano 2007, foi a principal causante da baixa colexial, imprescindible para exercer a actividade por conta propia, e a que levou a moitos e moitas á busca de oportunidades no exterior, ou ben a dedicarse a actividades de carácter transversal e alleas á súa formación.

De feito a baixa de matrícula nas carreiras técnicas da comunidade galega durante estes últimos anos ten sido continua e alarmante, poñendo incluso en perigo a pervivencia dalgunha titulación. A falla de oportunidades provoca que poucos e poucas sexan as que se formulen optar por estes estudos formativos, por outro lado, aqueles que durante anos estaban entre as formacións máis admiradas e valoradas no exterior do sistema universitario español.

O Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España vén de facer unha serie de alegacións ao proxecto de lei do Goberno central para transpoñer directivas comunitarias pendentes en materia de contratos do sector público. As 13 emendas presentadas foron apoiadas por unhas 60.000 persoas, pertencentes a varios colectivos profesionais, estudantes e cidadáns/cidadás.

Grupo Parlamentario

Ligada ás mesmas e ao marxe da aprobación e consideración das mesmas, existe unha demanda constante deste colectivo que pasa pola petición do aumento de concursos de proxectos por parte de todas as administracións. Mediante esta fórmula de concurso público foi cómo xurdiron moitos dos máis senlleiros edificios e actuacións urbanísticas de Galicia. Son procedementos que supoñen a apertura a talentos descoñecidos, a unha aposta por unha arquitectura e/ou urbanismo de calidade e culturalmente comprometidos. Procesos de concursos nos que se consegue implicar a toda a sociedade mediante os medios de comunicación, abrindo debates necesarios e participativos que favorecen a transparencia nas decisións destes procesos de contratación.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o decaemento no uso desta fórmula de contratación, relegada a casos case anecdóticos por parte da Xunta de Galicia, non contribúe en absoluto á promoción deses novos talentos, moitas veces excluídos dos poucos concursos propostos pola carencia de experiencia, e por suposto en nada ao apoio da arquitectura e urbanismo de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que ten algún tipo de consecuencia nos profesionais do sector da construción a baixada do número de visados de obra a menos dun 10 % respecto á do ano 2007?
2. En caso afirmativo, que tipo de consecuencias teñen detectado?
3. É coñecedor de que as cláusulas de moitos dos concursos de redacción de proxectos limitan o acceso de participación dos estudos de arquitectura e profesionais máis novos e novas?
4. En caso afirmativo, ten pensado pór en práctica algunha acción de fomento da participación de profesionais novos e dos pequenos estudos nos procesos de adxudicación de obra pública?
5. Entende este Goberno que as obras de carácter público deben velar pola mellor calidade arquitectónica ou urbanística?

Grupo Parlamentario

6. Considera que é a fórmula de concurso de proxectos a que mellor pode asegurar a calidade arquitectónica ou urbanística na redacción de proxectos?
7. Cantos concursos de proxectos promoveu o Goberno galego no pasado ano, e cantos ten pensado promover no ano 2017?
8. Asume que todos os organismos da Administración, e especialmente a Xunta de Galicia, deberían apoiar o incremento dos concursos de proxectos nos procedementos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo?

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López

Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/06/2017 09:13:23

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 09:13:28

Raúl Fernández Fernández na data 30/06/2017 09:13:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 09:13:39

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No contexto da Unión Europea, un dos principais obxectivos establecidos no Marco Renovado para a Cooperación Europea no ámbito da xuventude 2010-2018 refírese á participación das persoas mozas na democracia representativa e na sociedade civil a todos os niveis. Para facelo efectivo, recoméndase aos Estados membros que presten apoio político e financeiro ás organizacións xuvenís, así como aos Consello da Xuventude, locais, autonómicos e nacionais, que promovan o recoñecemento do seu importante papel na democracia. Isto permitiu que nos países da Unión Europea este modelo de participación exista igualmente.

O Goberno da Xunta de Galicia no ano 2011 suprimiu o Consello da Xuventude de Galicia (Conxuga), un dos entes autónomos máis antigos que existía no organigrama da Xunta de Galicia. O Conxuga era un organismo autónomo do Executivo formada por organizacións xuvenís, cuxa Presidencia e Comisión Permanente son elixidas polas súas entidades membro, de maneira democrática en reunión de Asemblea. O Consello da Xuventude de Galicia veu representando á mocidade, defendendo a mellora das súas condicións de vida, apostando polas campañas de prevención e sensibilización entre a mocidade, apoiando e fortalecendo ao movemento asociativo xuvenil no territorio galego, favorecendo o intercambio entre ditas entidades e trasladando a voz dos mozos/as galegos en diversos espazos de participación no ámbito nacional e internacional.

Con esta supresión, o Goberno galego materializou o que se está a tentar a levar a cabo en España, convertendo o anterior Conxuga nun instrumento máis do organigrama da Xunta de Galicia e que depende directamente desta. A vixente Lei galega 6/2012, rexeitada no seu momento por toda a oposición parlamentaria, crea o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia que está integrado na consellería competente en materia de xuventude, tal e como estipula o artigo 51.2 da citada lei.

Nun contexto como o actual e no que o Goberno debe priorizar na súa axenda a loita contra o desemprego xuvenil e o futuro de toda unha xeración, faise máis precisa que nunca a existencia dunha plataforma independente que dea

Grupo Parlamentario

voz aos e ás mozas para defender os seus intereses e que á súa vez sexan representados noutras plataformas xuvenís de ámbito internacional tan importantes como o Foro Europeo da Mocidade. Unha plataforma que fomenta o asociacionismo xuvenil e voluntario, e que xere propostas para a mellora das políticas da xuventude, como se realizou recentemente coa proposta de “Garantía Xuvenil” que realizou no 2010 e que foi respaldada por institucións como a Comisión Europea ou a Organización Internacional do Traballo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que balance fai o Goberno galego da aplicación durante estes catro anos de vixencia da Lei 6/2012, do 12 de xuño, de xuventude de Galicia?
2. Está exercendo a Xunta de Galicia as competencias que lle atribúe a *Lei 6/2012, do 12 de xuño, de xuventude de Galicia*?
3. Dende a súa creación no ano 2012 , en cantas ocasións se reuniu o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia?
4. Cantos informes emitiu o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia dende a súa creación?
5. Cales foron as repercusións da supresión do Consello da Xuventude de Galicia?
6. Que medidas concretas elevou, a través da consellaría competente en materia de xuventude, o Comité Galego de Políticas de Xuventude ao Consello da Xunta?
7. Cando ten previsto o Goberno galego desenvolver dun xeito integral os servizos á Xuventude regulados no Título II da *Lei 6/2012, do 12 de xuño, de xuventude de Galicia*?
8. Vai a Xunta de Galicia a consensuar co sector dito decreto?
9. En caso afirmativo, en qué foros ten previsto o Goberno galego que se produza dita participación?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 09:35:50

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2017 09:35:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As parellas españolas poden casarse nos consulados españois, sen embargo existen limitacións derivadas do noso ordenamento xurídico, da sistemática rexistral, e das normas relativas ao exercicio da función consular.

Entre os requisitos que se establecen con carácter xeral para a celeración de matrimonios consulares, atópanse os seguintes:

1. Que a lo menos un dos contraentes teña nacionalidade española.
2. Que ningún dos contraentes teña nacionalidade do Estado receptor.
3. Que a lo menos un dos contraentes estea domiciliado na demarcación ante a que se vai a celebrar o matrimonio.
4. Que o estado receptor non prohiba o matrimonio consular (hai certo número de países que manteñen esta prohibición: Gran Bretaña, Austria, Suíza, Uruguai, Guatemala e Venezuela).

Estes requisitos derívanse da regulación establecida no noso Código Civil (Título IV do libro I) e da normativa internacional subscrita por España, fundamentalmente a Convención de Viena de 1963 sobre Relacións Consulares.

En definitiva, esta normativa está a mermar os dereitos dos españois e españolas, e de xeito particular dos galegos e galegas residentes no exterior, recoñecidos a partires do 30 de xuño de 2005 coa aprobación por parte do goberno socialista de Zapatero da lei que modificaba o Código Civil e permitía o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Unha normativa que se publicou o 2 de xullo de 2005, e que permitiu que o matrimonio entre persoas do mesmo sexo fora oficialmente legal en España o 3 de xullo de 2005, sendo o terceiro país de Europa e o cuarto do mundo (Canadá aprobou unha reforma similar horas antes que o Congreso español) en establecer esta equiparación das unións entre persoas do mesmo sexo, abríndolles ademais a posibilidade de adoptar, algo non contemplado ata entón en ningunha outra lexislación, e contemplando dereitos como o dereito a percibir a herdanza e a pensión.

 Grupo Parlamentario

A pesares deste impedimento, sempre quedaría a posibilidade da “delegación en funcións” do artigo 57 do Código Civil, é dicir, que o cónsul español instrúa totalmente o expediente matrimonial e delegue a prestación do consentimento para o matrimonio, de oficio ou a instancia dos futuros contraíntes, en favor doutras persoas encargadas do Rexistro Civil en España. Entón si se podería cumprir a lei de 2005.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos.

1. Que valoración fai o Goberno galego da entrada en vigor da *Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio*?
2. Cantos galegos e galegas se beneficiaron dos dereitos recoñecidos nesta lei dende a súa entrada en vigor?
3. Coñece a Xunta de Galicia as limitacións que a doutrina da Dirección Xeral de Rexistros e de Notariado impón para a celebración de matrimonios entre persoas do mesmo sexo en países onde non está recoñecido este dereito?
4. En caso afirmativo, que medidas ten previsto tomar para garantir aos galegos e galegas que están no exterior o dereito a contraer matrimonio entre persoas do mesmo sexo?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 12:00:22

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2017 12:00:29



 [Grupo Parlamentario](#)

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 12:00:34

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/06/2017 12:00:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O dano cerebral en xeral e o ictus, particularmente, é a primeira causa de morte feminina en Galicia e a primeira causa de discapacidade na persoa adulta. O traumatismo craneoencefálico é a primeira causa de invalidez entre mocidade e a segunda de dano cerebral adquirido.

Nestas situacións, é fundamental, para evitar as máximas secuelas posibles, o tratamento no menor tempo posíbel nun centro hospitalario que conte cun equipo especializado en dano cerebral, tanto na etapa de atención aguda como no período establecido de rehabilitación.

En todo o Estado é notoria a inexistencia de recursos públicos destinados para atender unha rápida, continuada e avaliada rehabilitación neurolóxica. No caso de Galicia, non existen unidades específicas para dano cerebral nos Hospitais nin un centro para a rehabilitación específica de longa estancia. Na actualidade, pacientes que precisan deste tipo de rehabilitación son derivados ao Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral ou a unha clínica de Barcelona e, recentemente, tamén a unha clínica pontevedresa (ampliación co concerto co Hospital Miguel Domínguez, asinado o 11 de abril de 2017, para incluír neurorehabilitación), non existindo en Galicia centro público que cubra esta necesidade fundamental para que pacientes recuperen mobilidade e vida



independente. En ambos centros existe lista de agarda, o que prexudica o resultado óptimo na mellora ou rehabilitación. Ademais, non todas as persoas dispoñen de acompañantes que podan desprazarse para o tratamento e sufragar o tempo de estancia en Madrid ou Barcelona. Por outra parte, no centro estatal só se atenden doentes de 16 a 55 anos con procesos recentes e recuperables e en estado físico de poder viaxar cada 15 días, e no centro de Barcelona, existe lista de agarda. O tratamento na clínica pontevedresa coa que recentemente a Xunta asinou un convenio só se atenden pacientes diagnosticadas de “estado de vixilia sen resposta”, do que cada ano se diagnostican entre 15 e 30 novos casos en Galicia.

O acceso a este servizo especializado na vía privada é inasumible pola maioría de persoas ou familias e a maioría de casos non encaixan nos criterios polos que serían atendidos/as nestes centros.

A Guía Clínica de Neuro-Rehabilitación en Dano Cerebral Adquirido do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad especifica o seguimento en canto a rehabilitación do dano cerebral:

“O tratamento de neuro-rehabilitación dispensado por un equipo interdisciplinar demostrou ser máis eficaz que o non recibir tratamento, ou que recibir tratamentos puntuais non coordinados. Isto é así, mesmo cando a intervención se limita ás fases moi temperás (estando aínda en coma)”.

Máis aínda, existe un gran consenso na literatura revisada ao sinalar que as unidades especializadas de ictus, con equipos multidisciplinares especializados na atención ao ictus son máis efectivas que as unidades xerais dos hospitais, ou que residencias ou outros servizos sanitarios de terceiro nivel. Estes resultados danse de forma independente ao grao de afectación ou prognóstico ao comezo do tratamento.



Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben, presentan a seguinte Interpelación:

1. Ten previsto a Xunta estudar, no presente ano 2017, a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido?
2. Vai a Xunta crear camas e/ou unidades de atención específicas de dano cerebral nos hospitais públicos galegos?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2017 12:09:38

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 12:09:45

Eva Solla Fernández na data 06/07/2017 12:09:54



Luis Villares Naveira na data 06/07/2017 12:10:05

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A través dos medios de comunicación soubemos da relación existente entre o vicepresidente da Xunta de Galicia e unha persoa do servizo de protección civil do concello da Estrada.

Carlos Faílde Pereiras vén actuando desde hai varios anos como o coordinador do Grupo de Emerxencias Supramunicipal –GES- e do Servizo Municipal de Protección Civil –SMPC- da Estrada. Faílde é membro do voluntariado de Protección Civil da Estrada desde o ano 1994. E quince anos despois pasou a ser contratado polo Servizo Municipal de Protección Civil, posto que conserva.

Ademais é membro do Comité local do PP e posúe unha empresa Ricarsat S.L., da que é socio e administrador único, que obtivo contratacións ca Axencia de Emerxencias Galega, ca propia administración local da Estrada e con outras administracións públicas.

O propio rexedor do concello estradense Xosé López Campos, desde a súa chegada no 2011, sempre se referiu ao traballador como responsable de Protección Civil e coordinador do Grupo de Emerxencias Supramunicipal ata que a día de hoxe, dixo que non pode cesar no seu cargo a Carlos Faílde como coordinador porque nunca foi nomeado, e que sen embargo percebe no reparto de produtividade a contía máis elevada por este concepto superando os 1780 euros.



O artigo 11 da lei 53/1984, de 26 do decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas establece que segundo o disposto no artigo 1.3 o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, xa sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao Servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente cas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Así, este traballador realizando o traballo no Servizo de Emerxencias Supramunicipal estaría vulnerando a normativa vixente, en canto a incompatibilidades, e obtendo beneficios a través de dúas empresas Ricarsat e tamén a través de Emersafe S.L. na que consta como apoderado, empresas mercantís privadas nas que o obxecto social son as instalacións eléctricas e equipos de telecomunicación, sendo os seus principais contratistas Protección Civil, a Axencia de Emerxencias Galega, as diferentes administracións e as forzas de seguridade do Estado pola instalacións nos seus vehículos principalmente destes compoñentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

-É coñecedora a Xunta de Galicia das adxudicacións á empresa Ricarsat S.L. propiedade de Carlos Failde (membro do Grupo Supramunicipal de Emerxencias)?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga



Paula Vázquez Verao

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 18:37:35

Carmen Santos Queiruga na data 29/06/2017 18:37:43

Paula Vázquez Verao na data 29/06/2017 18:37:51

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A finais de maio deste ano, traballadoras e traballadores do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos dirixiron un escrito á dirección do hospital, onde solicitaban un aumento de persoal, principalmente de enfermería, auxiliar e celador/a.

As traballadoras e traballadores denuncia que ante os recortes de persoal, a carga de traballo que asimilan está a producir sobre esforzos coas consecuencias de lesións, motivado principalmente polo envellecemento da poboación e pola creación de centros de persoas dependentes na área sanitaria á que presta Servizo o Hospital de Monforte.

Ademais, a falta de persoal provoca unha saturación de traballo que obriga ás e os profesionais a priorizar tarefas pola imposibilidade de atender a todas. Sinalan por exemplo, que non poden poden levantar pola mañá, a pacientes encamados, coa consecuencia de aparición de úlceras por presión.

Neste sentido, lembran que o envellecemento da poboación, provoca que moitas das persoas que atenden, sexan dependentes en canto a mobilidade e realización de actividades vitais, ao que tampouco axuda a falta de renovación da totalidade do mobiliario do hospital como poden ser os baños do mesmo.

Esta situación, que si ben é certo que se atopa agravada polo envellecemento da poboación da zona, responde a unha política de recortes dirixida polo goberno do Partido Popular e que repercute directamente na calidade e atención das persoas



doentes e como nos dereitos laborais do persoal sanitario, como ben denuncian as traballadoras e traballadores do Hospital de Monforte.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- **Ten pensado a Xunta de Galicia, levar a cabo as demandas das e dos profesionais sanitarios do Hospital de Monforte?**

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao.

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/06/2017 19:43:09

Paula Vázquez Verao na data 29/06/2017 19:43:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai dúas semanas, Galicia atopouse en estado de alerta laranxa polas altas temperaturas. Unha situación que afectou dun xeito significativo no aumento da demanda de servizos de urxencias, que unha vez máis levounos a comprobar a falta de previsión por parte da Xunta de Galicia ante estas situacións e similares.

Este golpe de calor, afectou de xeito significativo no aumento exponencial da demanda de urxencias, deixando en evidencia a falta de previsión por parte da Xunta de Galicia así como os recortes de servizos esenciais como a asistencia sanitaria no transporte urxente.

Un exemplo do anterior, é o acontecido nesas datas en Nigrán, onde faleceu unha muller por infarto. Durante o suceso, a ambulancia con base en Nigrán estaba ocupada, polo que lle correspondería á de Baiona, pero dende o 2011 polos recortes levados a cabo polo Partido Popular, a ambulancia de Baiona non estaba operativa, ao funcionar solo de domingo a xoves en horario de 22h a 10h.

Esta circunstancia motivou a necesidade de que se desprazase a ambulancia de Mos, o que aumentou o tempo no que ambulancia tardou en chegar.

Ademais do anterior, tamén se produciu colapso do servizo de urxencias en Pontevedra no que foi necesario que a ambulancia de Cangas fixese servizo en Bueu e trasladase a Pontevedra.



As e os profesionais levan moito tempo denunciando os recortes e a precarización do servizo de transporte urxente, así como o servizo da asistencia sanitaria urxente en global.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten pensado a Xunta de Galicia, escoitar ás e os profesionais sanitarios a fin de reforzar os servizos necesarios para evitar estes acontecementos?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/06/2017 19:41:57

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres Lopez, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En Galicia son a data de hoxe ao redor de 2.700 os arquitectos/as que traballan na comunidade de forma colexiada. No 2007 eran preto de 3.200 os/as colexiados/as. Perdeuse polo tanto un capital de profesionais, de en torno a uns cincocentos, e o que é peor, moitos dos novos marcharon de Galicia, como moitos outros galegos e galegas.

Son moitas as dificultades coas que se atopa este colectivo e o resto de axentes implicados na construción, arquitectos técnicos, técnicos topógrafos, delineantes, oficiais de obra, xefes de obra, enxeñeiros, etc..

A perda de carga de traballo, a día de hoxe en torno a un 3,43 % da existente no ano 2007, foi a principal causante da baixa colexial, imprescindible para exercer a actividade por conta propia, e a que levou a moitos e moitas á busca de oportunidades no exterior, ou ben a dedicarse a actividades de carácter transversal e alleas á súa formación.

De feito a baixa de matrícula nas carreiras técnicas da comunidade galega durante estes últimos anos ten sido continua e alarmante, poñendo incluso en perigo a pervivencia dalgunha titulación. A falla de oportunidades provoca que poucos e poucas sexan as que se formulen optar por estes estudos formativos, por outro lado, aqueles que durante anos estaban entre as formacións máis admiradas e valoradas no exterior do sistema universitario español.

O Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España vén de facer unha serie de alegacións ao proxecto de lei do Goberno central para transpoñer directivas comunitarias pendentes en materia de contratos do sector público. As 13 emendas presentadas foron apoiadas por unhas 60.000 persoas, pertencentes a varios colectivos profesionais, estudantes e cidadáns/cidadás.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ligada ás mesmas e ao marxe da aprobación e consideración das mesmas, existe unha demanda constante deste colectivo que pasa pola petición do aumento de concursos de proxectos por parte de todas as administracións. Mediante esta fórmula de concurso público foi cómo xurdiron moitos dos máis senlleiros edificios e actuacións urbanísticas de Galicia. Son procedementos que supoñen a apertura a talentos descoñecidos, a unha aposta por unha arquitectura e/ou urbanismo de calidade e culturalmente comprometidos. Procesos de concursos nos que se consegue implicar a toda a sociedade mediante os medios de comunicación, abrindo debates necesarios e participativos que favorecen a transparencia nas decisións destes procesos de contratación.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o decaemento no uso desta fórmula de contratación, relegada a casos case anecdóticos por parte da Xunta de Galicia, non contribúe en absoluto á promoción deses novos talentos, moitas veces excluídos dos poucos concursos propostos pola carencia de experiencia, e por suposto en nada ao apoio da arquitectura e urbanismo de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comprométese o Goberno galego a impulsar unha medida que favoreza que a porcentaxe de licitacións de redacción de proxectos de arquitectura u urbanismo parta no 2017 dun mínimo do 10 % do total mediante a modalidade de concursos de proxectos aumentando un 10 % cada ano ata o ano 2020?

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/06/2017 09:17:05

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 09:17:10

Raúl Fernández Fernández na data 30/06/2017 09:17:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 09:17:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No contexto da Unión Europea, un dos principais obxectivos establecidos no Marco Renovado para a Cooperación Europea no ámbito da xuventude 2010-2018 refírese á participación das persoas mozas na democracia representativa e na sociedade civil a todos os niveis. Para facelo efectivo, recoméndase aos Estados membros que presten apoio político e financeiro ás organizacións xuvenís, así como aos Consello da Xuventude, locais, autonómicos e nacionais, que promovan o recoñecemento do seu importante papel na democracia. Isto permitiu que nos países da Unión Europea este modelo de participación exista igualmente.

O Goberno da Xunta de Galicia no ano 2011 suprimiu o Consello da Xuventude de Galicia (Conxuga), un dos entes autónomos máis antigos que existía no organigrama da Xunta de Galicia. O Conxuga era un organismo autónomo do Executivo formada por organizacións xuvenís, cuxa Presidencia e Comisión Permanente son elixidas polas súas entidades membro, de maneira democrática en reunión de Asemblea. O Consello da Xuventude de Galicia veu representando á mocidade, defendendo a mellora das súas condicións de vida, apostando polas campañas de prevención e sensibilización entre a mocidade, apoiando e fortalecendo ao movemento asociativo xuvenil no territorio galego, favorecendo o intercambio entre ditas entidades e trasladando a voz dos mozos/as galegos en diversos espazos de participación no ámbito nacional e internacional.

Con esta supresión, o Goberno galego materializou o que se está a tentar a levar a cabo en España, convertendo o anterior Conxuga nun instrumento máis do organigrama da Xunta de Galicia e que depende directamente desta. A vixente Lei galega 6/2012, rexeitada no seu momento por toda a oposición parlamentaria, crea o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia que está integrado na consellería competente en materia de xuventude, tal e como estipula o artigo 51.2 da citada lei.

Nun contexto como o actual e no que o Goberno debe priorizar na súa axenda a loita contra o desemprego xuvenil e o futuro de toda unha xeración, faise máis precisa que nunca a existencia dunha plataforma independente que dea

Grupo Parlamentario

voz aos e ás mozas para defender os seus intereses e que á súa vez sexan representados noutras plataformas xuvenís de ámbito internacional tan importantes como o Foro Europeo da Mocidade. Unha plataforma que fomenta o asociacionismo xuvenil e voluntario, e que xere propostas para a mellora das políticas da xuventude, como se realizou recentemente coa proposta de “Garantía Xuvenil” que realizou no 2010 e que foi respaldada por institucións como a Comisión Europea ou a Organización Internacional do Traballo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego da aplicación durante estes catro anos de vixencia da Lei 6/2012, do 12 de xuño, de xuventude de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 09:36:14

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2017 09:36:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Magdalena Barahona Martín, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego fía toda a súa política social practicamente na existencia da Renda de Inserción Social de Galicia, insuficiente en beneficiarios e contías. A Xunta continúa retrasando “sine die” a elaboración do decreto de desenvolvemento da Lei de servizos sociais de Galicia que evite arbitrariedades e inxustizas nas súas concesións.

Ademais destes atrancos, inacceptables hoxe, unha vez máis temos que lamentar que esta renda estea a sufrir atrasos inxustificables no pago, feito que se repite continuamente durante os últimos mandatos, provocando enormes dificultades e sufrimento ás persoas afectadas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é o motivo da situación de retraso nos pagos das solicitudes da RISGA?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Magdalena Barahona Martín.

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/06/2017 10:48:44

Magdalena Barahona Martín na data 30/06/2017 10:48:55

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As parellas españolas poden casarse nos consulados españois, sen embargo existen limitacións derivadas do noso ordenamento xurídico, da sistemática rexistral, e das normas relativas ao exercicio da función consular.

Entre os requisitos que se establecen con carácter xeral para a celeración de matrimonios consulares, atópanse os seguintes:

1. Que a lo menos un dos contraentes teña nacionalidade española.
2. Que ningún dos contraentes teña nacionalidade do Estado receptor.
3. Que a lo menos un dos contraentes estea domiciliado na demarcación ante a que se vai a celebrar o matrimonio.
4. Que o estado receptor non prohiba o matrimonio consular (hai certo número de países que manteñen esta prohibición: Gran Bretaña, Austria, Suíza, Uruguai, Guatemala e Venezuela).

Estes requisitos derívanse da regulación establecida no noso Código Civil (Título IV do libro I) e da normativa internacional subscrita por España, fundamentalmente a Convención de Viena de 1963 sobre Relacións Consulares.

En definitiva, esta normativa está a mermar os dereitos dos españois e españolas, e de xeito particular dos galegos e galegas residentes no exterior, recoñecidos a partires do 30 de xuño de 2005 coa aprobación por parte do goberno socialista de Zapatero da lei que modificaba o Código Civil e permitía o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Unha normativa que se publicou o 2 de xullo de 2005, e que permitiu que o matrimonio entre persoas do mesmo sexo fora oficialmente legal en España o 3 de xullo de 2005, sendo o terceiro país de Europa e o cuarto do mundo (Canadá aprobou unha reforma similar horas antes que o Congreso español) en establecer esta equiparación das unións entre persoas do mesmo sexo, abríndolles ademais a posibilidade de adoptar, algo non contemplado ata entón en ningunha outra lexislación, e contemplando dereitos como o dereito a percibir a herdanza e a pensión.

 Grupo Parlamentario

A pesares deste impedimento, sempre quedaría a posibilidade da “delegación en funcións” do artigo 57 do Código Civil, é dicir, que o cónsul español instrúa totalmente o expediente matrimonial e delegue a prestación do consentimento para o matrimonio, de oficio ou a instancia dos futuros contraíntes, en favor doutras persoas encargadas do Rexistro Civil en España. Entón si se podería cumprir a lei de 2005.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da entrada en vigor da *Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio?*

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 12:04:41

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2017 12:04:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 12:04:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/06/2017 12:04:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 12:39
Nº Rexistro: 11281
Data envío: 30/06/2017 12:39:18.235

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Desde o mes de xullo de 2010 o Servizo de Urxencias do Centro de saúde do Porriño asumiu, por decisión do Sergas, a atención dos veciños e veciñas dos concellos de Mos e Salceda que necesiten ir a urxencias. O Servizo Galego de Saúde amparou a súa decisión en que o centro de saúde do Porriño estaba mellor equipado que os puntos de atención continuada de Mos e Salceda de Caselas, e que en todo momento habería un médico/a e enfermeiro/a, como mínimo no Centro de Saúde do Porriño en Urxencias así como unha/un pediatra.

No mes de abril do ano 2010 o alcalde do Porriño formalizou a cesión dunha parcela municipal para a ampliación do Centro de Saúde do Porriño anunciando que en dous ou tres meses comezaría a execución do proxecto de ampliación, cualificando a obra como estratéxica e importante para o Concello, ademais de ser unha obra moi demandada polos veciños e veciñas.

Coa ampliación prevista dotaríase o centro de saúde do Porriño de consultas destinadas ao servizo de Psiquiatría, Pediatría, Fisioterapia e Rehabilitación, Radioloxía e unha nova redistribución do departamento de urxencias con maior dotación de espazo e persoal.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 12:39
Nº Rexistro: 11281
Data envío: 30/06/2017 12:39:18.235

Na actualidade, sete anos despois de asumir o Centro de Saúde do Porriño as urxencias de Mos e Salceda de Caselas e da formalización da cesión dos terreos para a ampliación do Centro de Saúde, a primeira realidade que se pode constatar é que o Servizo de urxencias do Centro de saúde do Porriño está colapsado a maioría dos días e non ten persoal sanitario suficiente, só ten un médico/a/ enfermeiro/a por quenda, para atender a demanda de asistencia no servizo. E por outra parte o Porriño segue esperando a execución da ampliación do centro de saúde.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego ampliar a dotación de persoal sanitario do centro de Saúde do Porriño e levar a cabo a ampliación do citado equipamento?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 12:39
Nº Rexistro: 11281
Data envío: 30/06/2017 12:39:18.235

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/06/2017 12:35:08

María Montserrat Prado Cores na data 30/06/2017 12:35:18

Noa Presas Bergantiños na data 30/06/2017 12:35:27

Ana Pontón Mondelo na data 30/06/2017 12:35:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/06/2017 12:35:37

Olalla Rodil Fernández na data 30/06/2017 12:35:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:01
Nº Rexistro: 11318
Data envío: 03/07/2017 13:01:09.959

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de ampliar o cadro de celadores/as do Hospital do Salnés.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado @s profesionais do Sergas son d@s principais damnificad@s por unha política de persoal que o maltrata sistematicamente.

Un exemplo desa política de persoal é o Hospital do Salnés. Desde a súa inauguración, en xaneiro de 2001, sempre contou con servizos e recursos por debaixo das necesidades da poboación á que tiña que prestar asistencia sanitaria, e en concreto a súa a ratio de persoal sempre foi das máis baixa dos centros sanitarios dependentes do Sergas.

Neste contexto @s celadores/as deste hospital están demandando equipararse co resto de hospitais do Sergas. En primeiro lugar nas ratios, e polo tanto que se aumente o número d@s mesm@s, xa que @s que hai na actualidade son totalmente insuficientes para realizar o elevado volume de traballo da súa competencia. En segundo lugar unha estrutura organizativa que permita a súa dependencia das persoas responsábeis de persoal subalterno.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:01
Nº Rexistro: 11318
Data envío: 03/07/2017 13:01:09.959

Cando no ano 2008 a xestión do hospital pasou a mans do Sergas, o cálculo que se realizou foi que o cadro de celadores/as preciso para atender as necesidades do hospital era de 30. A día de hoxe, 9 anos despois, a pesares de terse realizado diversas ampliacións no centro, ese cadro só está conformado por 25 persoas, das cales só 6 son fixas. Consideran que este número é totalmente insuficiente, e un agravio comparativo co resto de hospitais, a empezar pola propia EOXI Pontevedra-Salnés. A modo de exemplo, os tres andares de hospitalización, quirófanos, radioloxía e urxencias son atendidos por cinco persoas en quenda de tarde e tres de noite.

Esta situación ten como consecuencia uns ritmos de traballo infames, teñen calculado que as distancias que percorren ao longo dunha xornada laboral é de 10 a 12 oscilómetros, localización permanente a través de móbil desde o que reciben ordes continuamente de labores a realizar, en moitos casos simultáneas, desatender uns servizos para ter que atender outros.

Outra das demandas que realizan é que teñan dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no Hospital do Salnés. Son o único hospital onde dependen de persoal sanitario. Esa dependencia faise precisa para establecer os criterios e prioridades do traballo, ao igual que a elaboración de protocolos de traballo onde: se lles teña en conta, permitan a racionalización do traballo, delimitación de funcións...

O Bloque Nacionalista Galego faise eco das demandas do colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés e por esa razón preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É coñecedor o Goberno galego da situación laboral e asistencial que están a denunciar @s celadores/as do Hospital do Salnés?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/07/2017 12:59:23

Noa Presas Bergantiños na data 03/07/2017 12:59:27

Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2017 12:59:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/07/2017 12:59:33



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:01
Nº Rexistro: 11318

Data envío: 03/07/2017 13:01:09.959

Olalla Rodil Fernández na data 03/07/2017 12:59:36

Xosé Luis Bará Torres na data 03/07/2017 12:59:38

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Parlamentario Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos. Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

O Concello de Allariz ten unha das porcentaxes máis altas da provincia de Ourense de poboación menor de vinte anos, así como un alto número de nacementos, 38 no ano 2015, de maneira contraria á tendencia da maioría dos concellos de menos de 10000 habitantes da provincia que sofren un grave problema demográfico.

Na derradeira adxudicación de prazas en escolas públicas infantís para o vindeiro curso 2017-2018, feita a través de Resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicada na páxina

 Grupo Parlamentario

web da Consellería de Política Social, hai nove familias en lista de agarda na escola infantil de Allariz, aos que hai que engadir aos nenos e nenas deste concello que acoden na actualidade a centros situados noutros municipios.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de prazas na escola pública infantil de Allariz pertencente ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar?

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/07/2017 10:08:58

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2017 10:09:05

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2017 10:09:08

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Parlamentario Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos. Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

No Concello de Viana do Bolo incrementáronse nos derradeiros anos o número de nacementos, de tal maneira que no ano 2015 producíronse 10 veces máis que no 2010. Na derradeira adxudicación de prazas en escolas públicas infantís para o vindeiro curso 2017-2018, feita a través de Resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicada na páxina web da Consellería de Política Social, hai sete familias en lista de agarda aos que hai que engadir aos nenos e nenas deste concello que acoden na actualidade a escolas infantís situada noutros municipios da comarca.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de prazas na escola pública infantil de Viana do Bolo pertencente ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar?

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/07/2017 10:09:18

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2017 10:09:23

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2017 10:09:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A infraestrutura construída recentemente para a xestión das augas residuais en Ribeira, despois dun anteproxecto elaborado por Augas de Galicia e dunha obra a cargo de ACUAES, no marco dun convenio entre gobernos do Estado e a Xunta, financiada con fondos Feder, presentou graves problemas de funcionamento dende que esta se puxo en marcha.

Xa en Agosto de 2016 tivo que ser pechada a praia de Mosqueira por sufrir verquidos directos desta infraestrutura que supoñían un risco para a saúde pública, que sumado ó dano medio ambiental e o prexuízo para o sector turístico, así como o risco para os sectores produtivos da ría, puxeron a voz de alarma entre a cidadanía de Ribeira.

Durante os seguintes meses, os insoportables cheiros producidos pola xeración de Sulfuro de Hidróxeno e os habituais verquidos directos de augas residuais sen tratar debidamente, neste entorno de especial valor medioambiental e paisaxístico, mobilizaron á veciñanza da zoa na que se instalou a infraestrutura, que se constituíron en plataforma veciñal, baixo o nome de “Afectadas pola EDAR de Ribeira”.

Dende entón fixeron mobilizacións, recolleron máis de mil firmas que enviaron á Xunta de Galicia, presentaron case cincocentos escritos na Valedora do pobo e participaron en varias reunións coa presenza de Augas de Galicia, ACUAES e o Concello de Ribeira.

Durante todo este período, as veciñas denuncian falta de información por parte das distintas administracións sobre as razóns deste deficiente funcionamento e das posibles repercusións medioambientais e de saúde pública, atopándose nunha situación de abandono e vulnerabilidade impropia dunha administración que debe mostrarse transparente e sensible ante un problema de tales dimensións, que está a supoñer un problema, en distintos graos de importancia dependendo da cercanía a distintos puntos da infraestrutura, para centos de veciños e veciñas, que nalgúns casos faise insoportable por momentos, unha situación inadmisíble despois de investir en torno a vinte millóns de Euros públicos.

Despois das últimas declaracións emitidas polos responsables da Consellería de Medio Ambiente e de Augas de Galicia, nas que se afirmaba que se estaba a traballar na solución do problema e que o mesmo xa se tiña reducido de maneira importante, as veciñas e veciños seguen denunciando a persistencia de dito problema.

As veciñas manifestan que se atopan nunha situación de desprotección diante dunha situación na que perciben risco para a saúde pública e para a conservación do medio natural, e advirten tamén dunha situación de especial gravidade no lugar de Areeiros, onde un regato que recibe os verquidos dun aliviadeiro, ten a saída ao mar cortada despois dunhas actuacións de Costas, converténdose nalgúns momentos nun estanque cheo de augas fecais, que mesmo chega a invadir o xardín dun dos afectados. Ademais do risco para o medio ambiente e a saúde, hai que ter en conta tamén a evidente merma da calidade de vida no seu lugar de residencia, dunha veciñanza que sofre as consecuencias dunha pésima xestión.



A plataforma informou, co envío de varios escritos á Consellería de Medio Ambiente e á Consellería de Sanidade, de cal é a situación xa hai varios meses, problemática que non desaparece coas promesas de futuro do Goberno da Xunta de Galicia ao respecto.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que está a facer, ou ten previsto facer a Xunta de Galicia para evitar os verquidos directos de augas residuais sen tratar debidamente e garantir que a saúde dos veciños e as veciñas non se vexa afectada?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 04/07/2017 10:30:32

Antón Sánchez García na data 04/07/2017 10:30:40

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Luis Manuel Álvarez Martínez, José Manuel Pérez Seco e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa oral en Pleno.

No DOG n.º 125, do 3 de xullo de 2017, publicouse a Orde do 22 de xuño de 2017, da Consellería do Medio Rural, pola que se acorda a cesión en propiedade de vehículos motobomba a diversos concellos, pola que se ceden en propiedade sete vehículos co fin de seren destinados á realización de tarefas de prevención e extinción de incendios nos concellos de: Santa Comba, As Nogais, Mondoñedo, Silleda, Dozón, Cerdedo-Cotobade e A Lama.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que criterios empregou a Consellería do Medio Rural para elixir os concellos aos que se lles fai a cesión dos vehículos motobomba?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/07/2017 18:53:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2017 18:53:45

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/07/2017 18:53:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/07/2017 18:54:04

José Manuel Pérez Seco na data 04/07/2017 18:54:13

María Luisa Pierres López na data 04/07/2017 18:54:25

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, José Antonio Quiroga Díaz e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Chantada da atención á poboación infantil de Chantada (796 menores de 14 anos, segundo o padrón de habitantes do INE en 2016) e do municipio limítrofe de Carballedo (106 menores de 14 anos). En total suman un número de 902 menores de 14 anos segundo o padrón de 2016, o que supón un cupo suficiente para a existencia dun pediatra segundo as ratios utilizadas de forma habitual polos dirixentes do Sergas e apoiados polos representantes do Partido Popular no Parlamento de Galicia.

Este servizo xa pasou por problemas no pasado decembro, pois as vacacións da facultativa que ten a praza non foron substituídas provocando o peche do servizo. No momento actual, a persoa á fronte do servizo está de baixa e a persoa encargada da súa substitución foi destinada a outro lugar.

Este déficit, que se prolonga no tempo e que xa amosou pouca intención de ser resolto por parte da consellería, como se citou no caso ocorrido en decembro, deixa sen servizo a unha poboación ampla que necesita de servizos que axuden a fixar poboación no rural galego. A atención ás comarcas rurais pasa, en gran medida, por manter e consolidar servizos básicos. Especialmente na situación actual en que existe un problema demográfico, con baixa natalidade e avellentamento, que a zona afectada de Chantada representa con claridade, resulta de maior relevancia amosar vontade política de resolver problemas como este.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia dotar, á maior brevidade, dun pediatra ao Centro de Saúde de Chantada que substitúa á persoa titular da praza durante a baixa desta?

Pazo do Parlamento, 5 de xullo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
José Antonio Quiroga Díaz
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/07/2017 13:30:55

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/07/2017 13:32:32

Noela Blanco Rodríguez na data 05/07/2017 13:32:39

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, José Antonio Quiroga Díaz e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integral (EOXI) no ano 2011 supuxo unha aposta da Consellería de Sanidade por retirar competencias, persoal e capacidade de decisión aos hospitais comarcais en favor dos grandes hospitais das cidades. Tanto a dotación de recursos, materiais e humanos, como as decisións sobre estrutura, funcionamento e organización asistencial se foron progresivamente perdendo nos hospitais comarcais.

O Hospital de Monforte non é alleo a esta problemática, vendo no seu momento limitada a súa capacidade de auto-organización, decisión sobre orzamentos, distribución de persoal, recursos e farmacia.

Estas dificultades de xestión, sumada á incapacidade de decidir sobre os procesos e estratexias asistenciais a desenvolver, xera algunhas demandas xustificadas que os colectivos de profesionais e usuarios reivindicán de maneira habitual.

A situación do persoal sanitario en Galicia é difícil e inestable, como se vén sinalando por parte de sindicatos, grupos políticos e colectivos profesionais que sinalan a perda.

O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático desta situación. A implantación das EOXI recibiu contestación e desconformidade por parte de alcaldes de toda a zona de influencia do hospital, quen manifestaron o seu rexeitamento á perda de condición de área sanitaria e alertaron da consecuente perda de servizos que traería. A localización xeográfica do hospital é igualmente relevante para facer a análise real, pois as dificultades nas comunicacións con outras áreas sanitarias é un problema engadido que fai do Hospital de Monforte un eixo aínda máis importante. A especial demografía da zona, cunha poboación especialmente avellentada e

 Grupo Parlamentario

dispersa, aumenta a necesidade de apostar por un servizo sanitario forte e ben asentado no territorio.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten como obxectivo o Goberno de Galicia aumentar os servizos do Hospital de Monforte a corto e medio prazo?

Pazo do Parlamento, 5 de xullo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

José Antonio Quiroga Díaz

Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/07/2017 13:37:16

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/07/2017 13:37:22

Noela Blanco Rodríguez na data 05/07/2017 13:37:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as causas da desaparición da ameixa fina dos bancos marisqueiros nas rías galegas

Moi poucas persoas poden negar que o sector marisqueiro galego é moi importante na nosa terra. Milleiros de familias galegas dependen do mar, e o futuro do mesmo pasa precisamente por vender produtos de gran calidade que compitan no mercado nacional e internacional polo seu valor engadido e non polo prezo. É necesario, polo tanto, que as administracións públicas desenvolvan políticas encamiñadas a protexer e impulsar os produtos máis exclusivos das nosas rías, como por exemplo a ameixa fina.

A ameixa fina é un produto 100% galego, recoñecido pola súa calidade entre os consumidores. Só debemos ver, por exemplo, o prezo que existe actualmente nas lonxas galegas entre a ameixa fina e a ameixa xapónica. Se a segunda págase aproximadamente entre 6/10€ kg, a fina multiplica ese prezo por tres, ata chegar aos 20/50€ kg. Falamos polo tanto de un produto de máxima calidade, pero un produto tamén que vén reducindo a súa produción nos últimos sete anos. Se no ano 2009 se recolleron nas rías galegas 826 mil kg de ameixa fina, no ano pasado esa cifra reduciuse ata os 379 mil kg, é dicir unha diminución do 54,11%, sendo esta, ademais, unha tendencia negativa na práctica totalidade das rías galegas.

As causas deste descenso aínda non están moi claras, nos inicios chegouse a afirmar que este tipo de ameixa, moito máis delicada por exemplo que a



xapónica, morría polo calor. Despois segundo varios biólogos era achacable ao estrés, porque despois de desovar a ameixa estrésase e morre.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cales son as causas da redución no número de capturas da ameixa fina durante os últimos anos?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 16:21:28

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 16:21:36

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727